

# VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Estrea o 30 de xuño

## Unha habanera en galego conmemora o centenario do Himno

Xosé María Lema Suárez é o autor da letra e Xavier Comesanha da música dunha peza que se estreará no Teatro Principal da Estrada.

Redacción - 19:46 25/06/2007

O vindeiro sábado ás nove da noite estrearase no Teatro Principal da Estrada a habanera *Cen anos hai*, que conmemora o centenario do Himno. A peza, escrita por Xosé María Lema Suárez e con música de Xavier Comesanha, naceu na Habana, a mesma cidade en que se estreara a versión musicada d'*Os pinos*.

Lema Suárez explicou que a idea de crear unha habanera en galego xurdiu a finais do ano pasado na capital cubana. O tema está inspirado no texto de Pondal e iso reflíctese na súa linguaxe. A coral polifónica estradense ten previsto incluír *Cen anos hai* no seu repertorio, e mesmo é probábel que a Real Academia Galega organice un acto a finais de ano no que se interprete a habanera.

O autor da letra tamén anunciou que, coincidindo coa estrea, entregarán un libreto coa letra, que tamén recibirán as orquestras do país. Pola súa banda, o responsábel da música, Xavier Comesanha, dixo que pretendeu unificar os sons da Habana cos tradicionais galegos, para darlle á peza unha forma singular. Así, as dúas primeiras estrofas teñen sons da terra, e o resto unha forma máis típica de habanera.

Esta é a letra orixinal da habanera, antes de que se modificase lixeiramente para adaptala á música:

### **Cen anos hai (2007)**

Baía da Habana,  
na beira mar,  
ó vaivén das ondas  
un galego soña  
coa patria natal.  
Cen anos hai, coa patria natal, cen anos xa.

“Tes, Patria, bandeira  
azul e albar,  
Academia da fala,

gardiá da palabra  
¡só falta un cantar!  
Cen anos hai, só falta un cantar, cen anos xa.

Un áulico canto,  
atruxo do clan,  
baril, rexo alento  
xurdido do peito  
da grei de Breogán”.

Grandiosa estrea,  
vinte de Nadal,  
buligan as meigas,  
musica de Veiga  
á oda de Pondal

Capital cubana,  
Teatro Nacional,  
resoan as notas:  
Galicia xa conta  
cun himno inmortal.

Malecón da Habana,  
beira doutro mar,  
quedaban as ondas  
musitando a oda:  
cara a Galicia van.  
Cen anos hai, cara a Galicia van, cen anos xa.